



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Matemáticas

Curso Académico: 2019/2020

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 1 de 28

Índice

1.	Introdución	2
2.	Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade.....	3
2.1	Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGC.....	3
2.2	Seguimento do SGC.....	5
2.3	Actuacións máis relevantes no Curso 2019-2020.....	7
2.4	Indicadores do SGC.....	7
3.	Plan de Melloras do Centro	11
3.1	Revisión sobre o plan de melloras do curso 2019-2020	11
3.2	Plan de melloras dos informes de seguimento 2019-2020	19
4.	Anexo: Informes de seguimento e de renovación de acreditación	27

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 2 de 28

1. Introducción

A Facultade de Matemáticas é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Matemáticas elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas, correspondente ao curso académico 2019-2020, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o plan de melloras do centro (revisión das accións de mellora do curso 2019-2020e novas propostas para o curso 2020-2021), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas correspondente ao curso 2019-2020 foi elaborada pola Comisión de Calidade, aprobada na sesión do 01/06/21 e aprobada en Xunta de Facultade o día 03 de xuño de 2021. Dita memoria é suma do seguimento de todos os títulos dos que a Facultade de Matemáticas é responsable: informes de renovación de acreditación do Grao en Matemáticas aprobado o 22 de decembro de 2020 e do Máster Universitario en Matemática Industrial (aprobado o 19/05/2021), e informes de seguimento do Máster Universitario en Matemáticas (aprobado o 19/05/2021) e do Máster Universitario en Técnicas Estatísticas (aprobado o 19/05/2021).

Esta memoria desenvolveuse no ano 2021, no que a situación sanitaria derivada da COVID-19 incrementou os seguimentos dos títulos e interferiu cos procedementos en marcha.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 3 de 28

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade

2.1 Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGC

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2019-2020 atinxe a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2019-2020 foron:

- Grao en Matemáticas.
- Máster Universitario en Matemática Industrial.
- Máster Universitario en Matemáticas.
- Máster Universitario en Técnicas Estatísticas.

O curso 2019-2020 foi o quinto da implantación dos programas de simultaneidade de estudos entre as titulacións de Grao en Matemáticas e Grao en Física (Dobre Grao en Matemáticas e en Física, DG-MF) e entre as titulacións de Grao en Matemáticas e Grao en Enxeñaría Informática (Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas, DG-EIM).

Polo tanto, os informes de renovación de acreditación e seguimento que se achegan a esta memoria de calidade corresponden ao Grao en Matemáticas (GM - informes de renovación de acreditación), ao Máster Universitario en Matemática Industrial (Mzi - informes de renovación de acreditación), ao Máster Universitario en Matemáticas (MM - informes de seguimento) e ao Máster en Universitario Técnicas Estatísticas (MTE - informes de seguimento). Respecto ao informe de seguimento do MTE débese ter en conta que no curso 2018/2019 tivo lugar o proceso de reforma do plan de estudos que se consolidou coa implantación da segunda edición do mesmo no curso 2019-2020.

Documentación de referencia. Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC (https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/calidade/Manual_Sistema_Garantia_Calidad/MSGIC_FacultadeMatematicas_191219.pdf) e do Manual de Procesos e Procedementos (https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/calidade/Manual_Sistema_Garantia_Calidad/Manual_de_procesos_e_procedementos_191219.pdf) e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria de Grao en Matemáticas da USC.
- Memoria do Máster Universitario en Matemática Industrial.
- Memoria do Máster Universitario en Matemáticas.
- Memoria do Máster Universitario en Técnicas Estatísticas.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 4 de 28

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade en Matemáticas.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster Universitario en Técnicas Estatísticas .

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as comisións de título, a/o responsable de calidade do centro e as/os coordinadoras/es de título.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas. Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC durante o curso 2019-2020

- A/O decana/o da Facultade de Matemáticas, quen convocará e presidirá.
- A/O responsable de calidade do centro (RCC) , no caso de que sexa diferente do cargo anterior.
- A/O coordinador/a de calidade de ser o caso.
- As/Os coordinadoras/es de título: Grao en Matemáticas, Máster Universitario en Matemática Industrial, Máster Universitario en Matemáticas e Máster Universitario en Técnicas Estatísticas.
- A persoa responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.
- As/Os directoras/es de departamento con sede na Facultade.
- Unha/Un estudante elixida/o por e de entre as/os membros deste sector da Xunta de Facultade.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade.
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 5 de 28

Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2019-2020:

25 de outubro de 2019. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 6 de xuño de 2019
2. Informes da presidenta.
3. Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas curso 2017-2018
4. Rolda aberta de intervencións.

11 de decembro de 2019. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 28 de outubro de 2019.
2. Informes da presidenta.
3. Adaptación do Sistema de garantía de calidade da Facultade de Matemáticas á modificación do sistema marco aprobada o 22/02/2018 e preparación do proceso de certificación do SGC.
4. Rolda aberta de intervencións.

2.2 Seguimento do SGC

O SGC busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende xullo de 2009, a Facultade de Matemáticas conta cun Sistema de Garantía de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos y Procedimientos".

A USC aprobou o primeiro SGC marco en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo que obrigou a unha modificación do SGC do centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación do SGC o 4 de decembro de 2013, coa que se simplifica a documentación de referencia,

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 6 de 28

adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

A terceira edición do “Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas”, así como o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Matemáticas, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade. Véxase <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-matematicas/calidade/documentacion-sgc>.

A Comisión de Calidade e Planificación aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectan só ao apartado 5 denominado Indicadores. Como consecuencia, o 29/10/2014 reúnese a Comisión de Calidade para aprobar a modificación do SGC que foi aprobada posteriormente pola Xunta de Facultade o 19/12/2014. Esta nova versión do SGC foi aprobada polo Consello de Goberno con data 4/02/2015.

O 29 de xullo de 2015 foi aprobada en Consello de Goberno a terceira versión do Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía da Calidade marco. Fundamentalmente os cambios consistiron nunha actualización da normativa relacionada e dos indicadores asociados a cada proceso/procedemento para que reflectiran os cambios producidos no Manual simplificado. Ademais o proceso PC-02 Revisión da oferta académica foi modificado completamente para axustarse á normativa de modificación da ACSUG e da USC.

A documentación relativa ao SGC en vigor durante o curso 2019-2020 recóllese na Secretaría do Centro e nas Vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora).

Durante o curso 2017-2018 levouse a cabo a reforma dos documentos do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). A actualización do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Matemáticas foi aprobado no Consello de Goberno o 9 de novembro de 2018.

O Manual do Sistema de Garantía de Calidade que é de aplicación no momento de realización da Memoria de Calidade foi aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 19/12/19, é que se comezou a aplicar no curso 2019-2020 do que da conta esta Memoria de Calidade.

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 7 de 28

2.3 Actuacións máis relevantes no Curso 2019-2020

O desenrolo do curso 2019-2020 está marcado pola crise sanitaria derivada da COVID-19 que supuxo un cambio importante tanto nas metodoloxías docentes como nos sistemas de avaliación da aprendizaxe, que foron adaptadas seguindo as instrucións proporcionadas pola USC. Nesta liña destaca a enquisa realizada dende a Facultade de Matemáticas ás/aos estudantes do Grao en Matemáticas, do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas e do Dobre Grao en Matemáticas e en Física. Obtivéronse un total de 603 enquisas nas que o estudantado agradeceu e recoñeceu o esforzo feito polas/os docentes da Facultade.

Ademais, como consecuencia da crise sanitaria, o informe de renovación de acreditación do Máster Universitario en Matemática Industrial adiouuse ao informe do curso 2019-2020. Destacar que no curso 2020-2021 tivo lugar a renovación da acreditación do Grao en Matemáticas e do Máster Universitario en Matemática Industrial, e por iso que a Memoria de Calidade mantén a estrutura da memoria de anos anteriores ao ter que desenvolverse os dous procesos de acreditación.

2.4 Indicadores do SGC

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía de Calidade dos Centros da USC, para o curso académico 2019-2020. Estes indicadores son facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGC de cada centro.

No arquivo [5060_Informe_de_indicadores_2019_20.pdf](#) recóllense os indicadores dispoñibles a nivel de centro con datos para cada un dos títulos e no caso de que existan, nos seis últimos cursos académicos ata o curso obxecto da memoria de calidade. Os resultados dos indicadores a nivel de título pódense consultar, xunto coas correspondentes análises, nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

Debemos comentar que os datos de 2019-2020 que se amosan na Táboa 1 calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos en dito curso académico: Grao en Matemáticas (GM), Máster Universitario en Matemática Industrial (M2i), Máster Universitario en Matemáticas (MM) e Máster en Técnicas Estatísticas (MTE). Cabe tamén salientar que, no caso dos mestrados interuniversitarios (M2i e MTE), o

alumnado contabilizado é o matriculado na USC, mais nos informes detallados de ditos títulos analizáronse os datos globais.


Indicadores de satisfacción e rendemento

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)	Valor (03/11/2017)	Valor (14/11/2018)	Valor (2/12/2019)	Valor (17/12/2020)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	190	200	194	190	190	195
IN02C-PC-05	Matrícula	553	572	595	603	632	675
IN03C-PC-05	Matrícula de acceso	173	195	168	169	164	182
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	171	191	168	169	157	173
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	22,14	-1,17	-12,04	0,6	-7,1	-2,56
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	8,14	9,52	10,34	11,11	11,8	11,92
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	84,85	99,41	99,38	100	100	99,31
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,36	0,87	0,84	0,66	0,79	0,59
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	5,06	3,85	4,37	3,32	3,48	4,74
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	92,5	71,54	69,35	75,83	78,33	84,62
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	90	95,5	86,6	88,95	82,63	88,72
IN14C-PC-05	Número de matriculados en máster no centro/Número de graduados do centro	1,28	1,56	1,39	1,65	1,69	0,98
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,89	4,55	3,7	4,15		
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,08	0,87	1,51	0,33	1,11	0,59

IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións	13,95	12,2	21,36	20	19,35	22,50
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	90,32	94,02	91,08	94,59	94,59	93,87
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98,39	98,36	95,07	95,48	91,88	93,63
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	87,1	84,43	82,32	83,13	80	78,39
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	36,94	39,32	40,31	43,25		
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	23,4	23,52	22,47	21,65	28,04	26,81
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Grao)	55,12	61,82	69,15	71,37	74,63	87,84
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Máster)	87,99	89,8	85,56	93,03	88,11	89,45
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito (Grao)	68,46	74,08	79,8	80,98	83,28	93,13
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito (Máster)	97,69	99,14	99,64	99,53	96,24	98,96
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Grao)	80,52	83,45	86,66	88,13	89,62	94,33
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Máster)	90,07	90,57	85,87	93,47	91,55	90,39
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación (Grao)	29,51	30,77	32,68	25,47	25,41	37,07
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación (Máster)	77,78	95,45	75	90	85,71	84,38
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Grao)	4,75	5,33	5,68	5,49	5,04	5,03
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Máster)	1,57	1,48	1,67	2,16	1,88	1,83
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	14,42	33,96	31,15	21,01	13,93	13,16

IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Grao)	36,07	48,46	31,73	50	49,18	29,31
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Máster)	0	4,55	10,71	5	3,57	9,38
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo		4	2,9	3,81	3,72	4,5
IN50CG-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados (Grao)		86,6	83,34	76,73	82,29	82,62
IN50CM-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados (Máster)		100	100	90,52	97,71	95,71
IN51CG-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación (Grao)		21,54	17,31	15,09	15,57	18,1
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados, Grao)		78,14	74,25	76,61	82,22	82,58
IN53CM-S01-PM-01...	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados, Máster)		100	98,89	90,52	97,08	95,48

Táboa 1. Indicadores do SGC para o curso o curso 2014-2015 (data de explotación: 26/10/2015), 2015-2016 (data de explotación: 24/10/2016), 2016-2017 (data de explotación: 3/11/2017), 2017-2018 (1 data de explotación: 4/11/2018), 2018-2019 (data de explotación: 2/12/2019) e 2019-2020 (data explotación: 17/12/2020). Datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 11 de 28

3. Plan de Melloras do Centro


3.1 Revisión sobre o plan de melloras do curso 2019-2020

Presentamos en primeiro lugar unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2019-2020, que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento ou de renovación de acreditación de dito curso e plans de mellora das titulacións impartidas no centro.

Grao en Matemáticas


<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Coñecer o impacto de actividades como as Olimpíadas Matemáticas ou Estalmat-Galicia e a satisfacción das actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade.
Definición/ descrición proposta	ENQUISA DE SATISFACCIÓN NA XORNADA DE BENVIDA AOS NOVOS ESTUDANTES
Datas	Finalización: 23/09/2019; Inicio: 02/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz;
Responsables	Beatriz Pateiro López

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2019/2020)
Orixe	Propostas de Mellora

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 12 de 28

Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Na MVT do Grao en Matemáticas, as prácticas externas non figuran como obrigatorias e indícase que teñen un recoñecemento de 6 créditos optativos. Consideramos estratéxico apostar polas prácticas externas, pola importante empregabilidade das persoas egresadas en matemáticas e a relación con todos os grupos de interese. Estas valoracións, xunto co feito de que nos dous dobres graos que analizamos no informe teñan o recoñecemento de materia optativa, levounos a propor que sexan consideradas como materia optativa.
Definición/ descrición proposta	Definir as prácticas externas como materia optativa cun recoñecemento de 6 ECTS.
Datas	Finalización: 06/03/2020; Inicio: 08/01/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz;
Responsables	M. Elena Vázquez Cendón

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de actualización de equipos nas Aulas de Informática.
Definición/ descrición proposta	Actualizar os equipos informáticos da Facultade, na medida do posible.
Datas	Finalización: 29/11/2020; Inicio: 15/02/2020

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 13 de 28

Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Eficaz
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de manter os equipos de videoconferencia do centro.
Definición/ descrición proposta	Financiar conxuntamente os equipos de videoconferencia do centro.
Datas	Finalización: 22/05/2020; Inicio: 15/02/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 25/04/2020
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (Curso 2016-2017)

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01
		Versión: 01
		Data: 01/06/2021
		Páxina 14 de 28


Definición/ descripción proposta	Transmitir ás autoridades con responsabilidade na RAM estas necesidades para, conxuntamente, e cos orzamentos da Facultade, lograr: - Mellorar a climatización do centro. - Que na análise de redistribución de espazos na Facultade se teña en conta uns espazos mínimos para cada posto de traballo.
Datas	Finalización: 27/12/2021; Inicio: 12/04/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Parcial
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

<u>ACCÍONS DE MELLORA</u>	
Código	AM-6 (Curso 2019-2020)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Dispor dun repositorio no cal os docentes voluntariamente poidan compartir materiais.
Definición/ descripción proposta	Animar aos docentes a compartir os materiais de clase no repositorio Minerva.
Datas	Finalización: 20/12/2020; Inicio: 31/03/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Parcial
Responsables	Rosana Rodríguez López

Máster Universitario en Matemática Industrial

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Abriuse a convocatoria para a concesión de mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster, impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2019/20
Ámbito de aplicación	Outros criterios
Análise causa	Consideramos que o M2i reúne os criterios para ser presentado
Definición/ descripción proposta	Presentar o M2i á convocatoria para a concesión de mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster, impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2019/20
Datas	Finalización: 24/1/2020; Inicio: 15/12/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia :Parcial; Data Estado: 19/07/2020
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON


<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de manter actualizar os equipos informáticos

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 16 de 28

Definición/ descripción proposta	Adquisición dun novo equipo para os docentes que facilite impartir as clases por videoconferencia na USC e actualización, na medida do posible dos equipos dos estudantes
Datas	Finalización: 29/05/2020; Inicio: 15/11/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia :SI; Data Estado: 19/05/2019
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

Máster Universitario en Matemáticas


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Acción anterior AM-3 (Curso 2018-2019)
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A páxina web contén a información imprescindible nun formato familiar para os/as alumnos/as procedentes dun grado da USC. Porén, pode non ser suficiente para posibles alumnos/as con outra procedencia.
Definición/ descripción proposta	Realizar unha análise coa comunidade educativa sobre posibles melloras e alternativas para o desenvolvemento da páxina web.
Fechas	Finalización: 31/12/2021; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: En proceso, non se puido avanzar pola presente emerxencia sanitaria.
Responsables	Leovigildo Alonso Tarrío

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 17 de 28

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2019-2020)
Orixe	Acción anterior AM-4 (Curso 2018-2019)
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenrolo
Análise causa	Parte do alumnado está interesado no acceso ao profesorado de ensinanza secundaria. Hai unha demanda de matemáticos/as para exercer como docentes na ensinanza secundaria, que as opcións actuais na USC non cubre.
Definición/descrición proposta	Elaborar un anteproxecto de máster que permita una dobre titulación en Matemáticas e Profesorado de Educación Secundaria coa especialidade en Matemáticas. En caso de ser aprobado, continuar coa tramitación para poñelo en marcha.
Fechas	Finalización: aberta; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: Analizáronse posibles modelos para levar a cabo esta acción. Neste momento valórase un modelo de proposta para a súa consideración polas autoridades.
Responsables	Delegación da comisión académica.

Máster Universitario en Técnicas Estatísticas

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Acción de mellora nova e integración coa acción de mellora AM5_PM1516.
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Criterio 5. Recursos materiais e servizos.
Análise causa	Necesidade dun seguimento dos TFMs realizados polo alumnado en modalidade de prácticas en empresas, para así poder valorar a calidade da atención recibida e da súa formación.
Definición/descrición proposta	Elaborar un modelo de informe final que a o alumnado deberá cumprimentar unha vez feita a defensa do traballo. O informe deberá recoller a seguinte información: <ul style="list-style-type: none"> - Datas e horario de realización das prácticas na empresa.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 18 de 28

	<ul style="list-style-type: none"> - Grado de satisfacción do alumno coas prácticas en xeral, coa titorización dende a empresa, coa dirección dende o MTE e coa cualificación obtida. - Melloras das perspectivas laborais como froito das prácticas. - A Comisión de Título habilitará os mecanismos axeitados para a revisión dos informes.
Datas	Inicio: 01/4/2020. Fin: En fase de aprobación pola CT.
Estado/eficacia	Pendente de aprobación pola CT do modelo redactado.
Responsables	Coordinador Xeral do MTE

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2019-2020)
Orixe	Acción de mellora.
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos.
Análise causa	As universidades participantes no MTE cada vez son mais reticentes a financiar os gastos de licenzas derivado do uso dos sistemas de videoconferencia LifeSize (actualmente pagados ata febreiro de 2020).
Definición/descrición proposta	<p>Xestionar a posibilidade de dar algún tipo de resposta coordinada dende as tres universidades a este problema recorrente de financiamento.</p> <p>En caso de non acadar unha solución axeitada por parte das universidades, valorar o uso de plataformas alternativas como MS Teams dende as aulas de videoconferencia.</p>
Datas	Inicio: 1/2/2020. Fin: En fase de aprobación pola CT.
Estado/eficacia	Pendente de aprobación pola CT a decisión de pasar de LifeSize a MS Teams.
Responsables	Coordinadores do MTE, Comisión de Título, e responsables dos centros de importación do MTE nas tres universidades participantes.


3.2 Plan de melloras dos informes de seguimento 2019-2020

O plan de melloras da Facultade de Matemáticas para o curso 2020-2021 é a suma dos plans de mellora dos diferentes títulos dos que o centro é responsable (detallados nos informes de seguimento e de renovación de acreditación do curso 2019-2020). Relatamos as accións de mellora de cada un deles, como foron definidas nos correspondentes informes de seguimento ou renovación de acreditación, que quedan incorporadas ao plan de melloras da Facultade de Matemáticas.

Grao en Matemáticas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Coñecer o impacto de actividades como as Olimpíadas Matemáticas ou Estalmat-Galicia e a satisfacción das actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade.
Definición/ descrición proposta	ENQUISA DE SATISFACCIÓN NA XORNADA DE BENVIDA AOS NOVOS ESTUDANTES
Datas	Finalización: 23/12/2020; Inicio: 21/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : ;
Responsables	M. Elena Vázquez Cendón


<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2020/2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Reflexións dos últimos informes de seguimento.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 20 de 28

Definición/ descripción proposta	Os obxectivos son mellorar a coordinación dos contidos da titulación por áreas de coñecementos para e equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso por área.
Datas	Finalización: 30/04/2021; Inicio: 06/02/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada ; Eficacia :
Responsables	Coordinadores de área e/ou direccións dos departamentos con docencia no Grao en Matemáticas

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Incremento do número de estudantes en cuarto curso e necesidade de actualizar as optativas
Definición/ descripción proposta	Análise das materias optativas do Grao en Matemáticas
Datas	Finalización: 8/11/2021; Inicio: 8/2/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia :
Responsables	Direccións dos departamentos e Coordinadora do Título


ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 como consecuencia da COVID incrementouse a avaliación continua e cómpre analizar o aprendido para os cursos posteriores
Definición/ descripción proposta	Análise das actividades de avaliación continua e dos procedementos de avaliación

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 21 de 28

Datas	Finalización: 8/11/2021; Inicio: 8/2/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia :
Responsables	Coordinadora do Título

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-5 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Difundir os TFGs
Definición/ descrición proposta	Subir ao repositorio Minerva as memorias dos TFGs aprobados e autorizados.
Datas	Finalización: 8/11/2021; Inicio: 8/1/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia :
Responsables	Rosana Rodríguez López

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-6 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (Curso 2016-2017).
Definición/ descrición proposta	Transmitir ás autoridades con responsabilidade na RAM estas necesidades para, conxuntamente, e cos orzamentos da Facultade, lograr: - Mellorar a climatización do centro. - Na análise de redistribución de espazos na Facultade ter en conta uns espazos mínimos para cada posto de traballo.


 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01
		Versión: 01
		Data: 01/06/2021
		Páxina 22 de 28

Datas	Finalización: 27/12/2021; Inicio: 12/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : ----
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-7 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de actualización de equipos nas Aulas de Informática.
Definición/ descrición proposta	Actualizar os equipos informáticos da Facultade, na medida do posible.
Datas	Finalización: 29/11/2021; Inicio: 15/01/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Si
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

Máster Universitario en Matemática Industrial

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 e Criterio 7
Análise causa	Interese en manter contacto coas persoas egresadas do título e coñecer as súas valoracións.
Definición/ descrición proposta	O M2i ten o compromiso de realizar informes de seguimento das persoas tituladas para coñecer a súa satisfacción co título, coñecer as súas aportacións e a empregabilidade do mesmo.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 23 de 28

Fechas	Finalización: 30/04/2021; Inicio: 10/01/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz
Responsables	Íñigo Arregui Álvarez. Coordinador na UDC do M2i


ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de manter e actualizar os equipos informáticos.
Definición/ descrición proposta	O M2i impártese por medios telemáticos. As universidades necesitan dispoñer de unha ou dúas salas dotadas cos equipos que faciliten a comunicación do alumnado e os docentes. Ademais de dispoñer de sistemas de gravación das clases, unha ferramenta empregada dende o inicio do título e moi valorada polos estudantes.
Fechas	Finalización: 29/12/2021; Inicio: 02/05/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

Máster Universitario en Matemáticas

ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Acción anterior AM-1 (Curso 2019-2020)
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenrolo
Análise causa	A páxina web contén a información imprescindible nun formato familiar para os/as alumnos/as procedentes dun grao da USC. Porén, pode non ser suficiente para posibles alumnos/as con outra procedencia.


 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 24 de 28

Definición/ descrición proposta	Realizar un análise coa comunidade educativa sobre posible melloras e alternativas para o desenvolvemento da páxina web.
Datas	Finalización: 31/12/2021; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: Continúan os traballos.
Responsables	Coordinador do máster.

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Acción anterior AM-2 (Curso 2019-2020)
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Parte do alumnado está interesado no acceso ao profesorado de ensinanza secundaria. Hai unha demanda de matemáticos/as para exercer como docentes na ensinanza secundaria, que as opcións actuais na USC non cubren.
Definición/ descrición proposta	Elaborar un anteproxecto de máster que permita unha dobre titulación en Matemáticas e Profesorado de Educación Secundaria coa especialidade en Matemáticas. En caso de ser aprobado, continuar coa tramitación para poñelo en marcha.
Datas	Finalización: aberta; Inicio: 01/01/2019.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: Os traballos detivéronse pola crise sanitaria.
Responsables	Delegación da comisión académica.

Máster en Técnicas Estatísticas


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Acción de mellora.
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Criterio 2. Información e transparencia.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 25 de 28

Análise causa	Nos últimos anos o número de TFMs defendidos está a sufrir un paulatino incremento que, en particular, se traduciu no curso 18-19, nunha carga moi elevada de traballo para o tribunal correspondente.
Definición/descrición proposta	Adecuar á normativa de TFM para permitir mais dun tribunal de TFM no mesmo curso académico é, ademais, elaborar un documento de
Datas	Inicio: 1/12/2019. Fin: En execución.
Estado/eficacia	En execución.
Responsables	Coordinadores do MTE, Comisión de Título, e responsables dos centros de importación do MTE nas tres universidades participantes.


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Acción de mellora.
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Criterio 2. Información e transparencia.
Análise causa	Ante a entrada en vigor do novo Título do Máster en Técnicas Estatísticas resulta necesario actualizar boa parte das normativas herdadas da titulación en extinción. Ademais, é recomendable reestruturar o repositorio de material asociado á xestión do MTE, así como revisar que os alumnos teñan á súa disposición na web toda a información relevante.
Definición/descrición proposta	Levarase a cabo unha actualización das normativas do MTE e unha revisión dos contidos da páxina web do Título.
Datas	Inicio: 01/05/2020. Fin: En execución.
Estado/eficacia	En execución.
Responsables	Coordinador Xeral do MTE.

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2020-2021)
Orixe	Acción de mellora.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01
		Versión: 01
		Data: 01/06/2021
		Páxina 26 de 28

Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
Análise causa	A experiencia de docencia telemática motivada pola pandemia deu lugar a un debate interno no propio título relativo ó mellor modelo de docencia e o equilibrio desexado entre docencia presencial e telemática, mantendo sempre como eixo da docencia o carácter síncrono da mesma.
Definición/descrición proposta	Coordinar un debate dentro do persoal docente do MTE para valorar posibles modificacións no funcionamento das aulas de videoconferencia e acceso telemático ás aulas virtuais dende as que se imparte a docencia do MTE.
Datas	Inicio: 1/7/2020. Fin: En execución.
Estado/eficacia	En execución.
Responsables	Comisión de Título do MTE.

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
Orixe	Acción de mellora.
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Criterio 2. Información e transparencia
Análise causa	Ante o incremento de solicitudes de información relativas ó MTE e o previsible incremento da matrícula no título, parece axeitado desenvolver os criterios de admisión contidos na Memoria de Verificación do Título.
Definición/descrición proposta	Elaborar un documento no que se desenvolvan e concreten os criterios de admisión no MTE contidos na Memoria de Verificación do Título.
Datas	Inicio: 31/7/2020. Fin: En execución.
Estado/eficacia	En execución.
Responsables	Coordinadores do MTE e Comisión de Título

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 01/06/2021
		Páxina 27 de 28

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e transparencia.
Análise causa	O indicador de duración media dos estudos actualmente non distingue entre estudantes que defenden o seu TFM en febreiro e os que o fan en xullo ou setembro. Dispoñer deste dato sería relevante para poder distinguir, por exemplo, entre os alumnos que rematan o MTE en 1,5 anos e os que o fan en 2 anos.
Definición/descripción proposta	Incorporar á base de datos propia do MTE a información relativa á data de defensa dos TFMs.
Datas	Inicio: 01/07/2020. Fin: En execución.
Estado/eficacia	En execución.
Responsables	Coordinador Xeral do MTE.

4. Anexo: Informes de seguimento e de renovación de acreditación

Todos os informes de seguimento do curso 2019-2020 están dispoñible na web da Facultade de Matemáticas no apartado de [Calidade](#).

- Informe de renovación de acreditación do Grao en Matemáticas.
- Informe de renovación de acreditación do Máster Universitario en Matemática Industrial.
- Informe de seguimento do Máster Universitario en Matemáticas.
- Informe de seguimento do Máster Universitario en Técnicas Estatísticas.